



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO ESPECIAL NA ÁREA DE XESTIÓN DE CENTROS MEDIOAMBIENTAIS (XESTIÓN DA ÁREA DA NATUREZA DE UDRA, PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS (ONS), CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE AGRELO)

Asto.: Incoación e informe xustificativo da necesidade do contrato menor de servizos para contratación do servizo de atención ao público e realización de actividades turísticas na oficina de turismo e nos centros medioambientales, aula da natureza de Cabo Udra e o centro de interpretación de Agrelo (verán de 2016)

I.XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN.

O obxecto desta proposta é da de iniciar os trámites para celebrar un contrato menor de servizos de atención e promoción turística na OFICINA DE TURISMO, E NOS CENTROS MEDIOAMBIENTALES, NA AULA DA NATUREZA DE CABO UDRA e o CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE AGRELO, do concello de Bueu para o desenvolvemento da xestión dos servizos de información e promoción do municipio de Bueu como servizo integrado e de calidade da oferta turística e de promoción da imaxe do municipio como destino turístico, coa súa oferta articulada por produtos e servizos, no ámbito local, nacional e internacional, no marco da programación deseñada pola concellería de turismo.

O Concello de Bueu conta, dende o ano 2008, coa AULA DA NATUREZA DE CABO UDRA localizada no espazo protexido de Cabo Udra, pertencente á REDE NATURA 2000, enclave privilexiado da costa morracense e cunha biodiversidade que o convirte nun espazo único. A citada aula constitúe un espazo de interpretación natural, coa posta en valor dos valores biolóxicos do espazo protexido de Cabo Udra, e a promoción e desenvolvemento de programas e actividades de educación ambiental dentro da REDE NATURA 2000.

Pola súa banda o CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE AGRELO abriu as súas portas en xullo de 2015, coa finalidade de difundir os recursos patrimoniais e naturais cos que conta o municipio, tanto entre os veciños coma entre os visitantes que chegan ó Concello.

Estes dous espazos, constitúense en impulsores da difusión do patrimonio natural de Bueu, contribuíndo a dinamizar os seus recursos económicos, naturais e culturais e a aumentar o recoñecemento do termo municipal a través do respecto e a posta en valor dos medios naturais cos que conta.

O concello non dispón na actualidade de persoal propio cualificado para a prestación integral do servizo que pretende cubrir a contratación proposta.

Para a realización das tarefas de atención ó público así como de actividades turísticas para os visitantes de ambos espazos, o Concello ten previsto incoar o correspondente procedemento de contratación dos servizos de atención e promoción turística tendo en conta que se trata dunha prestación determinada de carácter ou natureza unitaria cuxas características esenciais non varían e que debe realizarse necesariamente todos os anos ao longo da tempada de verán, dende xuño a setembro, respondendo así a unha necesidade continuada no tempo co obxecto, entre outros, de garantir os principios de publicidade, transparencia e concorrencia que deben rexer na contratación do sector público.

Sen perxuízo do anterior e ante a imposibilidade de ter tramitado e adxudicado o correspondente contrato administrativo de servizos antes da tempada de verán correspondente ao ano 2016, momento do ano no que o Concello recibe a maior afluencia de visitantes, e polo tanto,

O anterior xustifica a urxente e inaprazable necesidade da celebración dun contrato menor de servizos para o ano 2016, en tanto, non se inicie, tramite e adxudique o correspondente contrato administrativo, que cubra a prestación do servizo no verán de 2016, mentres non se inicie e conclúa o procedemento para a prestación permanente,

A competencia municipal para a prestación do mesmo resulta do disposto ao respecto na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que establece no seu artigo 25.2 h) que a información e promoción da actividade turística de interés e ámbito é unha competencia propia do municipio.

II. ALCANCE DA PRESTACIÓN

O servizo a contratar deberá cubrir unha serie de prestacións mínimas para garantir a eficiente prestación



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

do mesmo e que de seguido se relacionan:

1) Atención ao público da oficina de turismo. Dende o 25 de xuño até o 25 de setembro.

Deberase contar con persoal cualificado con diplomatura/grao en turismo/Ciclo superior de guía, información e asistencia turísticas. O persoal debe ser coñecedor da localidade de Bueu e da comarca do Morrazo con atención ao público no seguinte horario:

Do 25 de xuño ao 25 de setembro

-Venres de 13:00 a 21:00 horas.

-Sábados, domingos e festivos: de 10:00 a 21:00 horas.

Os festivos a cubrir serán todos os que se atopen entre as datas indicadas.

2) Atención ao público da aula da natureza. Dende o 10 xuño até o 30 de outubro

Deberase contar con persoal cualificado titulación en xeografía, bioloxía ou ciencias do mar. O persoal deben ser coñecedor da localidade de Bueu, da aula da natureza e do medio natural. Os servizos a prestar son os seguintes:

a. *Do 10 de xuño ao 30 de outubro*

- Apertura do centro no seguinte horario

- Venres: de 19.00 a 21.00
- Sábados, domingos e festivos: de 11.00 a 20.30

b. *Xestión das excursións*

Deberase xestionar as excursións cos centros e asociacións que así o soliciten, previo acordo e como mínimo 1 á semana no período escolar.

3) Atención ao público do centro de interpretación de Agrelo. Dende o 24 de xuño até o 24 de setembro

Deberase contar con persoal cualificado con diplomatura/grao en turismo/Ciclo superior de guía, información e asistencia turísticas. Dende o 24 de xuño até o 24 de setembro. O persoal debe ser coñecedor da localidade de Bueu e dos recursos do mar, culturais, turísticos e produtivos de Bueu. Os servizos a prestar son os seguintes:

a. *Do 24 de xuño ao 24 de setembro*

- Apertura do centro no seguinte horario

- Venres: de 19.00 a 21.00
- Sábados, domingos e festivos: de 11.00 a 20.

4) Rutas de sendeirismo

Guiado e explicación das seguintes rutas de sendeirismo que se celebrarán os sábados dende o 2 de xullo ao 17 de setembro, cunha duración estimada de 4 horas cada unha:

1. Sendeiro do litoral.

- Días: *25 xuño/ 17 setembro*
- Saída: 09:30 praia de Portomaor
- Duración: 4 horas
- Dificultade: media
- Distancia: 8 qm

2. Ruta dos Pazos

- Días: *2 xullo/ 20 agosto*
- Saída: 09:30 da oficina de turismo
- Duración: 4 horas



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

- Dificultade: media
 - Distancia: 7 qm
- 3.** Ruta dos Abades I.
- Días: *9 xullo/ 27 agosto*
 - Saída: 09:30 da Igrexa de Santa María de Cela
 - Duración: 3 - 4 horas
 - Dificultade: baixa
 - Distancia: 7,5 qm
- 4.** Ruta dos Abades II
- Días: *16 xullo/*
 - Saída: 09:30 da Capela de Santiago de Ermelo
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: media
 - Distancia: 7,5 qm
- 5.** Ruta dos Muíños
- Días: *30 xullo/ 13 agosto*
 - Saída: 09:30 do pavillón de deportes
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: media
 - Distancia: 7 qm
- 6.** Ruta de Cabo Udra
- Días: *6 agosto/10 setembro*
 - Saída: 09:30 da oficina de turismo
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: baixa
 - Distancia: 8 qm
- 7.** Ruta de Ermelo
- Días: *23 xullo/3 setembro*
 - Saída: 09:30 da oficina de turismo
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: baixa
 - Distancia: 8 qm

As datas nas que se realizarán as rutas poden variar, cambiaranse de común acordo entre adxudicatario e concello.

5)Rutas urbanas

Guiado e explicación todos os luns de 20:30 a 22:30 (pode atrasarse a saída media hora nos meses de xullo e agosto) das rutas urbanas nocturnas polas rúas de Bueu seguindo o programa iniciado no 2011 e "*Ti de quen ves sendo?*". As rutas realizaríanse todos os luns de xullo (4,11,18,25) e os luns de agosto (1,8,15,22,29) e os primeiros quince días de setembro (luns 5 e 12).

6)Visitas guiadas ao Museo Massó



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

Visita guiada ao Museo Massó en horario nocturno (pódese facer unha pequena ruta dende Pescadoira seguindo o sendeiro do litoral até o Museo). A ruta comezaría ao redor das 21.00 da noite.

Ademais do exposto nestes apartados, a adxudicatario deberá confeccionar unha memoria das actividades realizadas e cubrir as estatísticas a través das enquisas da deputación. Asemade entregárase un informe dos visitantes das tres instalacións.

III. FINANCIAMENTO DO CONTRATO MENOR E CÓDIGOS CPV

O contrato finansiase con cargo aos fondos propios do concello e a clasificación do servizo consonte ao Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE nº 213/2008 é a seguinte: CPV 63513000-8 "servizos de información turística".

IV. CADRO CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

A través deste cadro quedarían regulados os principais elementos do contrato administrativo menor de servizos a celebrar, sendo de aplicación, en calquera caso e para o non regulado a través do mesmo, o réxime xurídico que resulta de aplicación do TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento:

- Obxecto
- Prezo e Forma De Pago
- Características do sistema
- Prazo de entrega e formación
- Mantemento e soporte técnico
- Responsable do Contrato
- Obrigas Específicas da Execución do Contrato

Asemade, xúntase ao presente os documentos acreditativos dos feitos sinalados xunto coa correspondente retención de crédito da Intervención do concello efectuada con data2016.

1. OBXECTO DO CONTRATO:

Ref. S/C38-16	Órgano xestor: Alcaldía (consta efectuada delegación)	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
	Órgano destinatario do obxecto contrato: Concellería delegada especial na área de xestión de centros medioambientais (xestión da área da natureza de Udra, parque nacional illas atlánticas (Ons), centro de interpretación de Agrelo) Delegación xeral e especial de atribucións e funcións contida na resolución de alcaldía núm. 582/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26/06/2015). Concelleiros: Silvia Carballo González (delegación xeral) e Manuel Otero Pérez (delegación especial)	
Título:"CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS NA OFICINA DE TURISMO, E NOS CENTROS MEDIOAMBIENTALES, NA AULA DA NATUREZA DE CABO UDRA E O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE AGRELO (VERÁN DE 2016)."		
CPV: CPV 63513000-8 "servizos de información turística".		Categoría (anexo II TRLCSP): 27
Xustificación da necesidade da contratación: necesidade cubrir a prestación do servizo no verán de 2016, pola insuficiencia de medios materiais e persoais propios para a prestación deste servizo		
Alcance do servizo: O servizo consiste na colaboración co persoal da oficina de turismo do Concello de Bueu para prestar o servizo de atención ao público e realización de actividades turísticas conxuntamente co persoal da oficina de turismo, e para atención ao público e xestións de excursións da aula da Natureza de Cabo Udra e o Centro de interpretación de Agrelo, incluíndo as seguintes prestacións: <u>1) Atención ao público da oficina de turismo.</u> Deberase contar con persoal cualificado con diplomatura/ grao en turismo/ Ciclo superior de guía, información e asistencia turísticas. Dende o 24 de xuño até o 24 de setembro. O persoal debe ser coñecedor da localidade de Bueu e da comarca do Morrazo con atención ao público no seguinte horario:		



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

Do 24 de xuño ao 24 de setembro

-Venres de 13:00 a 21:00 horas.

-Sábados, domingos e festivos: de 10:00 a 21:00 horas.

- Os festivos a cubrir serán todos os que se atopen entre as datas indicadas.

2) Atención ao público da aula da natureza

Deberase contar con persoal cualificado titulación en xeografía, bioloxía ou ciencias do mar. Dende o 10 xuño até o 30 de outubro. O persoal deben ser coñecedor da localidade de Bueu, da aula da natureza e do medio natural . Os servizos a prestar son os seguintes:

a. Do 10 de xuño ao 30 de outubro

- Apertura do centro no seguinte horario

- Venres: de 19.00 a 21.00
- Sábados, domingos e festivos: de 11.00 a 20.30

b. Xestión das excursións

Deberase xestionar as excursións cos centros e asociacións que así o soliciten, previo acordo e como mínimo 1 á semana no período escolar.

3) Atención ao público do centro de interpretación de Agrelo

Deberase contar con persoal cualificado con diplomatura/grao en turismo/Ciclo superior de guía, información e asistencia turísticas. Dende o 25 de xuño até o 25 de setembro. O persoal debe ser coñecedor da localidade de Bueu e dos recursos do mar, culturais, turísticos e produtivos de Bueu. Os servizos a prestar son os seguintes:

a. Do 25 de xuño ao 25 de setembro

- Apertura do centro no seguinte horario

- Venres: de 19.00 a 21.00
- Sábados, domingos e festivos: de 11.00 a 20.

4) Rutas de sendeirismo

Guiado e explicación das seguintes rutas de sendeirismo que se celebrarán os sábados dende o 2 de xullo ao 17 de setembro, cunha duración estimada de 4 horas cada unha:

1. Sendeiro do litoral.

- Días: *por determinar*
- Saída: 09:30 praia de Portomaior
- Duración: 4 horas
- Dificultade: media
- Distancia: 8 qm

2. Ruta dos Pazos

- Días: *por determinar*
- Saída: 09:30 da oficina de turismo
- Duración: 4 horas
- Dificultade: media
- Distancia: 7 qm

3. Ruta dos Abades I.

- Días: *por determinar*
- Saída: 09:30 da Igrexa de Santa María de Cela



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

- Duración: 3 - 4 horas
 - Dificultade: baixa
 - Distancia: 7,5 qm
- 4. Ruta dos Abades II**
- Días: *por determinar*
 - Saída: 09:30 da Capela de Santiago de Ermelo
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: media
 - Distancia: 7,5 qm
- 5. Ruta dos Muíños**
- Días: *por determinar*
 - Saída: 09:30 do pavillón de deportes
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: media
 - Distancia: 7 qm
- 6. Ruta de Cabo Udra**
- Días: *por determinar*
 - Saída: 09:30 da oficina de turismo
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: baixa
 - Distancia: 8 qm
- 7. Ruta de Ermelo**
- Días: *por determinar*
 - Saída: 09:30 da oficina de turismo
 - Duración: 4 horas
 - Dificultade: baixa
 - Distancia: 8 qm

As datas nas que se realizarán as rutas poden variar, cambiaranse de común acordo entre adxudicatario e concello.

5)Rutas urbanas

Guiado e explicación todos os luns de 20:30 a 22:30 (pode atrasarse a saída media hora nos meses de xullo e agosto) das rutas urbanas nocturnas polas rúas de Bueu seguindo o programa iniciado no 2011 *E "Ti de quen ves sendo?"*. As rutas realizaríanse todos os luns de xullo (4,11,18,25) e os luns de agosto (1,8,15,22,29) e os primeiros quince días de setembro (luns 5 e 12).

6)Visitas guiadas ao Museo Massó

Visita guiada ao Museo Massó en horario nocturno (pódese facer unha pequena ruta dende Pescadoira seguindo o sendeiro do litoral até o Museo). A ruta comezaría ao redor das 21.00 da noite.

Ademais do exposto nestes apartados, a adxudicatario deberá confeccionar unha memoria das actividades realizadas e cubrir as estatísticas a través das enquisas da deputación. Asemade entregarase un informe dos visitantes das tres instalacións.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

Lugar de prestación do servizo:

3.- PREZO E FORMA DE PAGO

Prezo de adxudicación: 16.528,00-€

IVE: 21%

Importe IVE: 3472,00 €

Importe total: 20.000,00 - €, IVE engadido

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 432.227.07 do orzamento prorrogado para o exercicio 2016 (información e promoción turística)

FINANCIACIÓN: Fondos propios do concello.

FACTURACIÓN:mensual CÓDIGOS DIR 3: BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

4. PRAZO CONTRACTUAL

CINCO (05) MESES

5. PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Contrato menor

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: A valoración das ofertas realizarase atendendo a unha **multiplicidade de criterios** segundo o disposto no art. 67.2 do TRLCSP. Os criterios de valoración serán os seguintes:

- **Oferta económica:** 18 puntos para a máis económica, outorgando puntos de forma proporcional ao resto de ofertas.
- **Ampliacións de horario a maiores da solicitada:** 0,5 puntos por cada hora, cun máximo de dúas horas diarias por centro (ata un máximo de 8 puntos).
- **Proxecto descritivo do servizo a prestar:** entregarase unha memoria explicativa do servizo a prestar e o persoal, detallando ademais das actividades propostas a maiores das solicitadas. Así como do material turístico, folletos ou análogos para calquera dos servizos (ata un máximo de 26 puntos).
- **Outras melloras ofertadas:** 1 punto por cada mellora (ata un máximo de 8 puntos)

REVISIÓN PREZOS: Non

VARIANTES/MELLORAS: SI

DOCUMENTACIÓN DA PROPOSICIÓN: Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación en sobre pechado:

- Proposición económica segun Anexos tipo relativo á "modelo de oferta económica"
- Aceptación do correo electrónico como forma de comunicación/notificación según Anexo tipo relativo á "Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións".
- Proxecto descritivo do servizo a prestar. O proxecto deberá sinalar expresamente a relación do persoal adscrito á prestación do servizo con indicación da titulación académica, formación especializada, experiencia laboral, suficientemente acreditada, na prestación de servizos análogos aos que se pretende contratar (acreditar a través de certificados e/ou contratos expedidos e/ou asinados polas administracións correspondentes). Deberá indicar, así mesmo, as funcións de cada persoa, horarios ou xornada de contratación, recollido en cadro sintético. No proxecto se indicara a persoa que



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

actuará como coordinador do persoal adscrito á prestación do servizo e que será o interlocutor entre o contratista e o concello de Bueu.

d) Documento que detalle melloras ofertadas que deben quedar vinculadas ao obxecto do contrato

e) Oferta de ampliación do horario de atención ao público.

A documentación que hai que achegar no sobre debe ser a acreditativa dos datos a valorar segundo os criterios de adxudicación sinalados no presente cadro de características, **evitándose achegar documentación relativa a xeneralidades sobre a empresa ou a criterios non avaliábeis co obxecto de garantir** a mellor valoración da súa proposta polo órgano de contratación segundo os criterios determinados neste cadro.

No sobre figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DO SERVIZO OBXECTO DO CONTRATO.

DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN:

O licitador que concorra en tempo e forma e cuxa proposición sexa declarada a máis vantaxosa deberá aportar, previo requirimento do órgano de contratación, a documentación acreditativa da capacidade e solvencia nos termos que resultan do TRLCSP e normativa de desenvolvemento.

FORMA OBRIGATORIA DAS NOTIFICACIÓNS/COMUNICACIÓNS: FAX OU CORREO ELECTRÓNICO sempre que medie aceptación expresa da persoa que concorra.

(Según dispón o [artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos](#) e por mor da urxencia na celebración do contrato para que poda entrar en vigor no prazo de prestación do servizo obxecto do contrato menor)

6. PROPOSICIÓNS

PRESENTACIÓN PROPOSICIÓNS: Poderán presentar proposicións ademais das empresas que sexan invitadas, as que concurran dentro do prazo de 08 días naturais posterior ao da publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante da web municipal

LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite

TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal

COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador

ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org)

DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org ou secretaria@concellodebueu.org cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de ofertas.

PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Anuncio no taboleiro de anuncios do concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.

7. RESPONSABLE DO CONTRATO

RESPONSABLE DO CONTRATO: Concellería delegada especial na área de xestión de centros medioambientais (xestión da área da natureza de Udra, parque nacional illas atlánticas (Ons), centro de interpretación de Agreló): Resolución de alcaldía núm. 582/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26/06/2015). Concelleiros: Silvia Carballo González (delegación xeral) e Manuel Otero Pérez (delegación especial)

O responsable do contrato terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP, entre as que cabe sinalar a modo meramente enunciativo e non limitativo, as seguintes funcións:



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.:PR/S/C38/16

2. Tramitar cantas incidencias surxan ao longo da execución do contrato.
3. Convocar cantas reunións considere necesarias para a correcta prestación dos servizos contratados e a súa supervisión á que estará obrigada a acudir o contratista.
4. Conformar as facturas correspondentes aos servizos realizados segundo as condicións establecidas nos presentes pregos.
5. Dar as ordes oportunas para acadar os obxectivos do contrato.
6. Informar a proposta de substitución do persoal adscrito á execución do contrato que sexan presentadas polo contratista.
7. Exercerá funcións superiores de dirección, organización, administración e autoridade do servizo. Neste senso, o adxudicatario virá obrigado a desprazar ao Concello, nas horas que se sinale, a un responsable do servizo, quen informará dos traballos realizados e anomalías producidas e recibirá as instrucións pertinentes do director do servizo.
8. Poderán revisar periodicamente os traballos que efectúe o adxudicatario, así como o seu persoal e o estado do material ou instalacións en todo momento. A estes efectos, os servizos técnicos municipais das áreas afectadas pola prestación do servizo terán libre acceso a todas as dependencias do adxudicatario afectadas ao servizo.

8. OBRIGAS ESPECÍFICAS DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Obrigas específicas:

- As que resulten do TRLCSP, RLGCAP e do resto da normativa de aplicación en materia de contratación do sector público.
- As que resulten das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo. Neste senso, o incumprimento destas obrigas polo contratista, ou a infracción das disposicións sobre seguridade e saúde polo persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade algunha para o concello de Bueu.
- As que resulten da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súas normas de desenvolvemento tendo o contratista a consideración de "encargado do tratamento" aos efectos sinalados nestas normas someténdose, en cada momento, ás instrucións e ordes da concellería correspondente.
- As que resulten das esixencias incluídas neste cadro de características
- As que resulten das ordes que ao efecto emita a concellería responsable do contrato.

Bueu, 27 de maio de 2016

O Concelleiro delegado especial da área de xestión de centros medioambientais (xestión da área da natureza de Udra, parque nacional illas atlánticas (Ons), centro de interpretación de Agrelo)

Manuel Otero

Vº e prace
A concelleira delegada xeral da área de economía, emprego, consumo e turismo

Silvia Carballo González